



D<sup>a</sup>. **Elena Candia López**,  
presidenta da Deputación Provincial de Lugo,

D. **Francisco Javier Balado Teijeiro**, deputado de Cultura,  
teñen o pracer de invitalo/a á inauguración da exposición

## A arte de xuntar II. Colección Quiroga-Monte de trens e xoguetes. (140 aniversario da chegada do tren a Lugo)

Acto que terá lugar o vindeiro venres, día 4 de setembro de 2015, ás 20:00 horas, na Sala de Exposicións do Museo Provincial de Lugo.  
(Diferentes seccións desta mostra poden visitarse nos outros museos que integran a Rede Museística Provincial: Museo Fortaleza de San Paio de Narla, Museo Provincial do Mar e Pazo de Tor).

Praza da Soidade s/n  
Tel. 982 242 112  
[www.redemuseisticalugo.org](http://www.redemuseisticalugo.org) / [difusion@museolugo.org](mailto:difusion@museolugo.org)

Máis información



REDE MUSEÍSTICA  
PROVINCIAL DE LUGO



## A ARTE DE XUNTAR II

Colección Quiroga - Monte  
de trens e xoguetes

140 aniversario da chegada do tren a Lugo

## A ARTE DE XUNTAR II Colección Quiroga - Monte de trens e xoguetes

140 aniversario da chegada do tren a Lugo



Esta exposición, organizada pola Deputación Provincial de Lugo a través da Rede Museística, conta cunha destacada selección de trens infantís e outra de xoguetes antigos. A mostra invita a un ameno percorrido por unha parte da historia contemporánea de España, amosando a produción xoguetera do país ao longo de cen anos.

Aproveitamos este evento para lembrar o 140 aniversario da chegada do tren a Lugo, procedente de A Coruña, efeméride acontecida o 5 de outubro de 1875, día de San Froilán. Naquela xornada, en palabras de Darío Xohán Cabana, “unha multitude con música e bombas de palenque deulle a benvinda ás autoridades coruñesas, pero sobre todo ó novo e revolucionario medio de transporte que xa levaba medio século transformando o mundo. A chegada do primeiro tren a Lugo fixérase desexar moitos anos, e aínda se había de suspirar oito máis antes de ter aberto o camiño de ferro á Meseta.”

Tamén con esta mostra queremos traer á memoria á construción do ferrocarril de vía estreita entre Vilaodrid, actualmente concello de A Pontenova, e Ribadeo, inaugurado o 18 de abril de 1903 para o transporte de mercaderías e, dous anos despois, concretamente o 5 de agosto, tamén para viaxeiros.

Con motivo deste dobre aniversario, esta exposición amosa unha notable cantidade de pezas do xoguete ferroviario: trens coas súas locomotoras, coches e vagóns, estacións e apeadeiros, así como unha gran variedade de accesorios ferroviarios.



Pero, ademais, complementan esta mostra centrada no tren outras excepcionais pezas xogueteras como coches, bonecas, teatraños, dioramas, etc.

Os xoguetes elixidos, marcados polo desenvolvemento industrial e comercial que experimentaron a partir do século XIX, figuran estreitamente vencellados aos cambios socio-económicos, técnicos, culturais e políticos das diferentes etapas da súa fabricación.

Constitúen, xa que logo, un fiel reflexo dos comportamentos, costumes, modas, sucesos e inventos ocorridos entre 1880 e 1980.

Todas as pezas exhibidas pertencen á colección Quiroga-Monte. Expertos e críticos especializados valoraron a riqueza e variedade desta colección composta, a día de hoxe, por máis de 1.500 exemplares orixinais, que a sitúan entre os mellores patrimonios privados sobre o xoguete, a boneca e a cultura infantil de orixe español.

A visita a esta mostra permite descubrir os diferentes materiais empregados na fabricación dos xoguetes –desde a folla de lata ao plástico–; os procedementos técnicos empregados pola industria xoguetera –desde

a pintura á metalgrafía–; así como unha gran variedade de estilos e deseños.

Os xoguetes que aquí se amosan, algúns deles únicos no coleccionismo español e presentados agora por primeira vez, foron o mellor medio para expresar a imaxinación, a destreza e a creatividade de moitas xeracións infantís, ao igual que os máis eficaces modelos para achegarse ás condutas e valores dos adultos, pois hoxe, igual que onte, aprender a xogar é aprender a vivir.

A Deputación Provincial de Lugo e a Rede Museística desexa que a contemplación destas pequenas marabillas sexa para os máis pequenos un sorprendente descubrimento da infancia dos seus maiores e, para estes, unha extraordinaria oportunidade de volver a ser os nenos e nenas de onte, na recuperación dunha infancia que endexamais debería perderse.

